

## RESOLUCIÓN DA VALEDORA DO POBO

VISTA a proposta da Xefa do Servizo de Administración e Persoal para a adscrición en Comisión de servizos do posto Unidade de Asuntos Económicos e Réxime Interior por período dun ano, en virtude das competencias que me atribúe o artigo 7 do Regulamento de Organización e Funcionamento da Institución,

### RESOLVO

**Primeiro:** Iniciar o expediente para a adscrición, mediante comisión de servizos, por motivos de urxente e inaprazable necesidade e por prazo dun ano, sen prexuízo da súa cobertura ordinaria con anterioridade, ou da súa prórroga no caso de resultar preciso, do posto de Unidade de Asuntos Económicos e Réxime Interior (posto nº 11 da Relación de Postos de Traballo da Institución).

**Segundo:** Publicar na páxina web da Institución a oferta para a adscrición en comisión de servizos do posto de traballo cuxas características se relacionan a continuación:

- Denominación: Unidade de Asuntos Económicos e Réxime Interior (número 11 da Relación de Postos de Traballo)
- Requisitos: funcionario/a de carreira Grupo B/C (A2/C1), de calquera Administración pública.
- Nivel: 20
- Complemento específico 22.351, 26 €
- Méritos que se valorarán polos servizos prestados en postos correspondentes ao grupo B/C (A2/C1):
  - Formación e experiencia na tramitación de nóminas, IRPF, seguros sociais, xestión contable (documentos contables, facturas, arqueos, garantías) e elaboración de anteproxecto de orzamentos.
  - Formación e experiencia en xestión de inventarios de bens
  - Formación e experiencia na xestión de seguros de vida e accidentes, plans de pensións, axudas sociais e comisións de servizo do persoal que impliquen desprazamento fora da localidade.
  - Experiencia e coñecementos en materia de xestión de expedientes e rexistro.
  - Experiencia e coñecementos en tecnoloxías da información.

Todos os requisitos relacionados neste apartado deberán posuírse no día da finalización do prazo para a presentación de solicitudes, que se indicará na publicación da oferta na web.

As persoas interesadas, deberán remitir o seu currículo, no que debe figurar necesariamente un número de teléfono de contacto e unha dirección de correo electrónico. Non se debe presentar documentación xustificativa dos méritos alegados, que, de ser o caso, poderán ser requiridos para a súa presentación pola Institución, se o considera oportuno.

Todas as comunicacións referidas a este procedemento, realizaranse exclusivamente a través do correo electrónico indicado pola persoa solicitante.

**Terceiro:** Unha vez analizados os currículos presentados, ditarase resolución de adscrición ao posto en Comisión de servizos, condicionada á concesión da correspondente autorización da súa Administración de orixe.

No caso de non obterse a autorización, ditarase nova resolución de adscrición.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

María Dolores Fernández Galiño  
**Valedora do Pobo**